

# ACTA 2015-4

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN  
13 de Xuño de 2015

**Lugar**

SALA DE XUNTAS DO CONCELLO

**Hora de Inicio**

10:0

**Hora de Finalización**

10:20

Presidente: FRANCISCO RODRIGUEZ RODRIGUEZ

Secretario: LAURA FERNÁNDEZ PERMUY

Interventor: LAURA FERNÁNDEZ PERMUY

## MEMBROS ASISTENTES

ALBERTO NUÑEZ ESTEVEZ

CAMILA DIEGUEZ ARIAS

GLORIA LOSADA SABÍN

JOSE LUIS GONZALEZ RODRIGUEZ

SERVANDO PEREZ MATIAS

## MEMBROS AUSENTES

PILAR BARRUECO SALVADOR (Escusa)

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma adoptáronse os seguintes,

CONSTITUCION DA NOVA CORPORACION MUNICIPAL E ELECCION DO TITULAR DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

## 0 - INFORMACIÓN PREVIA SOBRE O OBXECTO DA SESIÓN, ORDE DO DÍA E NORMATIVA APLICABLE.

Toma a palabra a Secretaria da Corporación, Dna. Laura Fernandez Permuy para informar ós asistentes ó obxecto da sesión.

A) Obxecto da sesión. Á vista dos resultados das eleccións locais do pasado día 24 de maio, data da celebración das votacións para a renovación da totalidade dos membros da Corporación, convocouse esta sesión constitutiva por imperativo legal, para o día vixésimo posterior, día 13 de xuño, de conformidade co disposto na vixente lexislación electoral.

B) Orde do día. O procedemento a seguir para a constitución da Corporación municipal, abrangue a realización das seguintes operacións:

1º - Constitución da Mesa de idade.

2º - Acreditación de concelleiros electos e comprobación das súas credenciais e das declaracións de intereses.

3º - Xuramento ou promesa do cargo polos concelleiros electos.

4º - Declaración de constitución da Corporación.

5º - Elección de Alcalde.

6º - Xuramento ou promesa do Alcalde electo e toma de posesión.

C) Normativa aplicable. O acto público que se vai a realizar, regularase pola lexislación electoral vixente, constituída pola Lei orgánica 5/1985, do Réxime electoral xeral e as súas posteriores modificacións, pola Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local, polo Real decreto lexislativo 781/1986, polo que se aprobou o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e polo Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986.

### **I - CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE**

Toma a palabra a Sra. Secretaria da Corporacion e indica que constitúen un total de seis concelleiros electos, exceptuando a Dna. Pilar Barrueco Salvador, que presentou un escrito excusando a súa ausencia e polo tanto, a maioría absoluta de concelleiros electos esixida no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do Réxime electoral xeral, co obxecto de celebrar a sesión pública extraordinaria de constitución do Concello, dando fe do acto, a Secretaria da Corporación, Dna. Laura FernandezPermuy.

A Xunta electoral de zona, remitiu á Secretaría deste Concello, unha copia da acta de proclamación dos concelleiros electos, segundo a que resultaron proclamados, os seguintes candidatos: concelleiros presentes:

- Polo Partido Popular :

**D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**  
**D. ALBERTO NÚÑEZ ESTÉVEZ**  
**D. SERVANDO PÉREZ MATÍAS**  
**DNA. CAMILA DIÉGUEZ ARIAS**  
**D. JOSÉ LUIS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ**

- Polo Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obreiro Español:

**DNA. GLORIA LOSADA SABÍN**

Toma a palabra a Sra. Secretaria da Corporacion e indica, que vistos os documentos de identidade dos concelleiros electos, proclamados pola Xunta electoral de zona, resulta que o concelleiro electo de maior idade é D. FRANCISCO RODRIGUEZ RODRÍGUEZ e o concelleiro de menor idade é D. SERVANDO PÉREZ MATÍAS, polo que, de non haber erro nas datas de nacemento, son eles, os que deben formar a Mesa de idade, na que actuará como Secretaria, a Secretaria da Corporación, correspondéndolle a presidencia ó concelleiro electo de maior idade, D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.

Toma a palabra o Presidente da mesa e indica que comprobado o número de concelleiros electos presentes e existindo quórum suficiente, queda constituída a Mesa de Idade e, en consecuencia, declárase aberta a sesión para a constitución da Corporación do Concello de Chandrexa de Queixa.

### **II - ACREDITACIÓN DOS CONCELLEIROS ELECTOS.**

Toma a palabra a Sra. Secretaria da corporacion e indica que os concelleiros electos presentes, que figuran na acta de proclamación da Xunta electoral de zona, remitida a este Concello, entregaron con anterioridade, na Secretaría Xeral, as súas respectivas credenciais de concelleiros electos, e tamén, teñen presentadas as declaracións dos seus bens e dereitos patrimoniais e de causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos economicos, as cales pasan a integrar o libro de Rexistro de Bens Patrimoniais e o libro de Rexistro de Actividades respectivamente.

Toma a palabra o Presidente da mesa e indica que acreditada a personalidade dos concelleiros electos presentes, comprobadas as credenciais presentadas e entregadas as declaracións de intereses, ESTA MESA DE IDADE non aprecia causa de incompatibilidade en ningún de eles; non obstante, si algún concelleiro electo estivera afectado por algunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación electoral, deberá manifestalo neste momento.

Non estando afectado ningún concelleiro electo, a continuación, procederase á formalización do xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, polo que se invita a todos os concelleiros electos, a poñerse en pé e se solicita da Sra. Secretaria da Corporación, que proceda a efectuar o chamamento, de forma individualizada, dos concelleiros electos, para que presten o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, dando cumprimento ao establecido no artigo 108-8 da Lei Orgánica do Réxime electoral xeral, comezando polos integrantes da Mesa de Idade e seguindo polos demais segundo a orde establecida na acta de proclamación, remitida pola Xunta electoral de zona.

### **III - XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO DE CONCELLEIROS.**

Toma a palabra a Sra. Secretaria da Corporacion e indica que o xuramento ou promesa de acatamento a Constitución, esixido polo artigo 108-8 da Lei 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, prestarase baixo a fórmula establecida no Real Decreto 707/1979. A tal efecto, sitúase enriba da mesa presidencial, un exemplar da Constitución Española e a fórmula regulamentaria do xuramento ou promesa en castelán e galego, efectuando en primeiro lugar o presidente da Mesa de Idade e logo o vogal; os demais concelleiros electos o farán seguindo a orde establecida na acta de proclamación da Xunta electoral de zona.

De seguido procederase ao seu chamamento nominal e prestarán xuramento ou promesa.

- 1.-D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**
- 2.-D. SERVANDO PÉREZ MATÍAS**
- 3.-D. ALBERTO NÚÑEZ ESTÉVEZ**
- 4.-DNA CAMILA DIÉGUEZ ARIAS**
- 5.-D. JOSÉ LUIS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ**
- 6.-DNA. GLORIA LOSADA SABÍN**

D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. SERVANDO PÉREZ MATÍAS, D. ALBERTO NÚÑEZ ESTÉVEZ, DNA. CAMILA DIÉGUEZ ARIAS e D. JOSÉ LUIS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, ca Constitución Española diante, xuran pola súa conciencia e honra, cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Chandrexa de Queixa, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

D. GLORIA LOSADA SABIN ca Constitución Española diante, promete pola súa conciencia e honra, cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Chandrexa de Queixa, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

#### **IV - CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.**

Cumpridos os requisitos legais e finalizado o acto de xuramento ou promesa, a Mesa de Idade, declara validamente constituída a nova Corporación, resultante das eleccións locais celebradas o pasado día 24 de maio, polo que os comparecentes adquiren a plena condición de concelleiros, tras o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, quedando integrada a nova Corporación municipal polos seguintes concelleiros:

- Partido Popular :

- D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**
- D. ALBERTO NÚÑEZ ESTÉVEZ**
- D. SERVANDO PÉREZ MATÍAS**
- DNA. CAMILA DIÉGUEZ ARIAS**
- D. JOSÉ LUIS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ**

- Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obreiro Español:

- DNA. GLORIA LOSADA SABIN**

#### **V - ELECCIÓN DO ALCALDE.**

Toma a palabra a Sra. Secretaria da corporacion e indica que a continuación, vaise a proceder á elección do Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Chandrexa de Queixa, de conformidade co previsto no artigo 196 da Lei orgánica 5/1985 de Réxime electoral xeral, que establece “poden seren candidatos tódolos concelleiros que encabezen as correspondentes listas e se algún deles obtén a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros, será proclamado Alcalde electo; se ningún deles obtén a maioría absoluta será proclamado Alcalde, o concelleiro que encabece a lista que houbera obtido maior número de votos populares”.

De conformidade co establecido no artigo 40 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a elección do Alcalde, rexerase polo disposto na lexislación electoral, sen perxuízo da aplicación das normas relativas ó réxime de sesións plenarias do Concello. Polo tanto, a votación para eleixir ó Alcalde, será ordinaria, salvo que o Pleno, por maioría simple, ou absoluta, acorde que sexa nominal ou secreta, respectivamente.

Toma a palabra a Sra. Secretaria da corporacion e indica que “Tendo en conta a normativa aplicable, pregunto, que concelleiros, dos que encabezan as distintas listas, presentan a súa candidatura ao cargo de Alcalde: D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ ¿si ou non?, Dna. PILAR BARRUECO SALVADOR ¿si o non?”

Oídas as respostas, proclámanse candidatos ao cargo de Alcalde do Concello de Chandrexa de Queixa a D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ e Dña. PILAR BARRUECO SALVADOR

Toma a palabra a Sra. Secretaria da corporacion e indica, que se procede á votación, acadando o resultado seguinte:

- Votos a favor de D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: 5
- Votos a favor de Dña. PILAR BARRUECO SALVADOR : 1

Visto o resultado da votación, a Mesa presidencial, proclama, Alcalde do Concello de Chandrexa de Queixa, ao candidato da lista electoral do Partido Popular, D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, por obter a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros que integran esta Corporación.

## **VI - POSESIÓN DO CARGO DE ALCALDE.**

Visto o resultado da votacion, pregase a D. FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, proclamado Alcalde electo, que manifeste se acepta o cargo de Alcalde do Concello de Chandrexa de Queixa e se lle invíta, a que proceda ao xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, como requisito previo a súa toma de posesión.

O Alcalde electo, ca Constitución Española diante, xura pola sua conciencia e honra, cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Chandrexa de Queixa, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

Toma a palabra a Sra. Secretaria da corporacion e indica que cumprimentada a promesa de acatamento á Constitución, queda posesionado do cargo de Alcalde do Concello de Chandrexa de Queixa, polo que lle corresponde asumir a Presidencia desta sesión constitutiva.

Neste momento, os membros da Mesa (Presidente e Vogal) abandonan a Presidencia, para ocupar os seus respectivos postos

De seguido, o Sr. Alcalde da Corporación, diríxese ós presentes, cas seguintes verbas:

“Estimados membros da nova Corporación Municipal de Chandrexa de Queixa, estimados compañeiros, estimados veciños:

Hoxe, é un día grande para Chandrexa de Queixa, un día grande para o exercicio da democracia neste Concello e tamén en toda Galicia e o resto do Estado. Precisamente.

Quero començar falando hoxe, da democracia participativa que dende a Alcaldía de Chandrexa de Queixa pretendemos aplicar nun Concello, que terá as súas portas abertas a tódolos veciños, cun Alcalde o seu servizo e a súa disposición, con auténtica vocación de servizo público e de defensa do interés de todos os veciños, por enriba de calquer outra consideración.

Un Alcalde e unha Corporación Municipal, de todos e para todos, sin exclusión nin discriminación. Un goberno, de todos e para todos os veciños, independentemente de cales sexan as súas ideas.

Aproveito tamén este acto, para agradecer a confianza depositada polos veciños de Chandrexa de Queixa, na nova Corporación Municipal.

Hoxe quero reiterar a nosa disposición ó diálogo e o noso interese, en començar a traballar, entre todos, nesta nova etapa, como por parte do goberno autonómico e o seu Presidente, Don Alberto Nuñez Feijoo, e o goberno central, presidido por Don Mariano Rajoy Brey.

Con todos eles, confío en chegar a acordos básicos e fundamentais, para mellorar as condicións e a calidade de vida dos veciños de Chandrexa de Queixa, ós que, dende hoxe, me debo como Alcalde”.

## **VII - INFORMACIÓN SOBRE A SINATURA DO ARQUEO, SITUACIÓN DO INVENTARIO DO PATRIMONIO E ORGANIZACIÓN DA CORPORACIÓN.**

Toma a palabra a Sra. Secretaria da corporacion e indica que de acordo co preceptuado no número 2 do Artigo 36 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, regulado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e para os efectos do preceptuado polo Artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e Artigo 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, preséntase, a seguinte acta de arqueo de tesourería, así como o inventario do patrimonio municipal, a trece de xuño de dous mil once;

**1.- Arqueo.** Importe total da acta de arqueo: 1.020.685,68 €. Rematada esta sesión, procederase á sinatura dun arqueo extraordinario, xunto ca Secretaria-Interventora.

**2.- Inventario do Patrimonio Municipal.** A documentación relativa á situación do Inventario do Patrimonio da Corporación atopase na Secretaría do Concello, onde poderá ser consultada para a súa comprobación. Non obstante, é preciso indicar que conforme ao informe de data 12 de xuño de 2015, este, non está actualizado.

**3.- Organización da Corporación.** Por ultimo, se informa a todos os concelleiros, que dentro do prazo máximo de trinta días, deberá ter lugar unha sesión extraordinaria, ó obxecto de resolver os seguintes puntos, de conformidade co sinalado no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais:

- a) Periodicidade das sesións do Pleno.
- b) Creación e composición das Comisións informativas.
- c) Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.
- d) Dar conta do nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, se debese existir, de conformidade co art. 20.1.b) da lei 7/1985.
- e) Dar conta do nomeamento de Tenentes de Alcalde.
- f) Dar conta das delegacións conferidas pola Alcaldía.
- g) Dar conta da constitución dos grupos municipais e grupo mixto, os cales deberán comunicalo ao Alcalde, mediante escrito asinado por todos os seus integrantes, no que constará a designación do portavoz do grupo e suplente, no prazo de cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación, de conformidade co recollido nos arts. 74 e seguintes da Lei 5/1997, LALGA.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata á sesión extendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina connigo, a secretaria, que dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Francisco Rodríguez Rodríguez  
Fernández Permuy

Asdo.: Laura